

Unidade 3. De Ieria

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Aquela noite os homes do director do museo de Zooloxía achegáronse ao barco embarrancado, onde vivía o xigante. E pola mañá cando se retirou a marea fixeron avanzar ao homazo encadeado, e medio atordado conducírono á cidade.

Cando a Señora Elisabet se decatou, achegouse ao vello Abdó e ollouno fite a fite.

—Tesme que axudar. Soa non o vou conseguir... A ti tamén che agradan as baleas...

Era unha noite de brétema. E cando había horas que todos durmían, unha sombras escorregáronse por unha fiestra dentro do Museo de Zooloxía. A aquelas horas impoñía respecto, de repente viron unha gran gaiola de ferro co xigante prisioneiro dentro! Levaba grillón en pés e mans.

O vello mariñeiro quitoulle á muller a agulla de calcetar que lle suxeitaba o cabelo e dixo, mostrándolla:

—Con esta chave mestra abriremos a gaiola e liberaremos ao noso amigo!

—Espléndido!


Cando o xigante os viu, regalou os ollos e alegrouse moito.

O vello Abdó meteu a agulla no cadeado e conseguiu abri-lo. Cando estaba entretido cos grillóns sentiu un grito da señora Elisabet e como a porta da gaiola se pechaba cun golpe seco. Vírose e viu señor director que agarraba a señora Elisabet e que dun empurrón lanzaba ao chan.

Foi daquela cando se sentiu un chí pavoroso. E o director, erguendo a vista, viu coma o xigante, libre de grillóns, dobraba as reixas da gaiolas como se fosen canas de bambú.

O director foi recuando devagar, coa cara desencaixada, ata que se virou e saíu coma de tivese un foguete no cu.

Joan DE DEU PRATS



Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Que significa retirar a marea?

2. Pon o nome dos personaxes.



3. Ponlle a cada personaxe da actividade anterior un destes adxectivos.

valente

ruín

bondadoso

astuto

4. Ordena a secuencia do relato.

O señor Abdó abre o encadeado da gaiola.

Os Homes do Museo de Zooloxía leva preso ao xigante.

O director do museo escapou.

O xigante dobra as reixas da gaiola.

5. Relaciona estas frases co seu significado.

Chave mestra •

Ollar de fite a fite •

Regalar os ollos •

• mostrar satisfacción ou sorpresa

• serve para abrir calquera pechadura

• mirar de arriba abaixo

6. No relato di: «saíu coma se tivese un foguete no cu». Sabes o que significa? Marca a resposta correcta.

Leva postos fogos de lucería.

Fuxiu a toda velocidade.

Plantoulle lume.

7. Que quixo dicir a señora Elisabet con «a ti tamén che gustan as baleas»?

Unidade 3. De leria

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

8. Escribe unha oración con cada unha das seguintes palabras.

• Mangallón:

• Aloumiña:

• Cabicha:

9. Completa a táboa.

	Clasifica polo n.º de sílabas	Familia léxica	Sinónimo
Mangallón			
Aloumiña			
Cabicha			

10. Busca os diminutivos nas seguintes oracións e escribe a palabra de onde proceden.



O bebé cerra os ollíños ao sorrir e, cando chega a noitiña, dorme tranquilo no seu berciño cun osiño de peluche.

11. Escribe o texto anterior cambiando os diminutivos por aumentativos.

12. Escribe os despectivos da seguintes palabras.

Casa

zapato

can

tenda

Unidade 3. De lería

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

13. Le.

Nas bibliotecas hai fichas de todos os libros en papel e no ordenador. Nelas está toda a información de cada libro.

- Fíxate nesta ficha.

BIBLIOTECA «AS BOLBORETAS»

TÍTULO: O botón de nácara

AUTOR: Joan de Déu Prats

ILUSTRADOR: Roger Olmos

PÁXINAS: 67

EDITORIAL: Tambre

ISBN: 978-84-96772-13-7

RESUMO:

Nunha pequena cidade costeira aparece un ser extraordinario, un xigante que non sabe onde vén.

14. Agora escolle ti un dos libros da biblioteca da túa casa ou da escola e fai a súa ficha.

BIBLIOTECA AS BOLBORETAS

TÍTULO: _____

AUTOR: _____

ILUSTRADOR: _____

N.º DE PÁXINAS: _____

EDITORIAL: _____

ISBN: _____

RESUMO:

